



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tlf. 981385822 Fax. 981385722
ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Tecnoloxías 2019-20 Pendentes	Curso / Ciclo	3º ESO
Profesor/a	Mª Eugenia Fernández del Río		

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	O proceso tecnolóxico Expresión e comunicación gráfica Materiais de uso técnico
2ª Avaliación	O ordenador nos nosos proxectos: procesador de textos Electricidade
3ª Avaliación	O ordenador nos nosos proxectos: presentacións O ordenador e os periféricos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia / módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos e método de avaliación:

O alumno realizará un traballo ao longo da primeira avaliación, que constará de preguntas e cuestións relacionadas cos temas desenvolto no curso pasado na materia de Tecnoloxía: algunhas delas de resposta directa; outras que implicarán a redacción dun pequeno texto e outras de investigación. En calquera caso, o alumno contará co acceso á aula virtual do centro, onde están tódolos contidos tratados no curso pasado.

O alumno contestará tódalas cuestións, sen deixar ningunha en branco e entregará as respostas grampadas co orixinal á profesora responsable dos alumnos coa Tecnoloxía pendente, Eugenia Fernández, quen as correxirá. Se o alumno acadase unha avaliación positiva neste traballo, daríasele a materia por aprobada. En caso contrario, o alumno ten a opción de presentarse a un exame extraordinario no mes de maio, en data a indicar.

Non se farán probas trimestrais para a recuperación da materia, pero sí un seguimento do traballo do alumno nestes meses.

A data límite para a presentación destes traballos é o venres 13 de decembro (inclusive). Non se recollerán traballos máis aló deste día.